



## Concello de Moaña

### BANDO DA ALCALDÍA

Con motivo da pandemia do coronavirus, desde o Concello de Moaña queremos aclarar os motivos que impiden realizar repartos masivos de mascarillas entre a veciñanza:

A nosa vila ronda as 19.600 persoas empadroadas, de momento a Xunta de Galicia envía á semana 400 mascarillas cirúrxicas (con eficacia de protección durante o seu uso de 4 horas). A entrega destas priorízase entre o persoal municipal que realiza traballo presencial, á Policía Local e ao voluntariado de Protección Civil, ao persoal de axuda a domicilio que atende persoas dependentes, ao persoal de limpeza viaria, ao persoal da recollida do lixo, ao persoal das emerxencias sanitarias, ás persoas vendedoras da praza de abastos municipal.

Informámosvos de que existe unha rede solidaria de persoas veciñas que están elaborando mascarillas de tela (non homologadas), estas están a disposición daquela veciñanza que as demande nas dependencias da Policía Local.

Queremos trasladar que se valorou a adquisición de mascarillas de tipo Fpp2, pola súa durabilidade e capacidade preventiva, as condicións que nos esixían as empresas proveedoras era o seu pago por anticipado e sen data de entrega, cuestión que impide a adquisición para a administración pública.

O Concello está adicando todos os recursos económicos dos que dispón para atender a emerxencia social agravada por esta crise sanitaria. Entendemos que adquirir mascarillas para toda a veciñanza, ademais de ser loxisticamente complexo e pouco viable, deixaríanos sen recursos para atender as necesidades básicas das persoas máis vulnerables.

Tamén vos lembramos a aquelas persoas que estades indo a traballar, que tendes dereito a solicitar nas vosas empresas o reforzo dos correspondentes EPIS.

Por todo isto vos pedimos que sigades mantendo as medidas preventivas, quedando na casa e gardando as distancias. Aproveitamos a ocasión para agradecervos o voso comportamento e responsabilidade durante este confinamento. Tamén vos lembramos os teléfonos de contacto dos servizos que prestamos desde o Concello:

- Teléfono do Concello de Moaña: 986 31 01 00
- Moaña Facilita (encargos de compra e de farmacia): 649 684 012
- Moaña Atende (apoio psicolóxico e xurídico a vítimas de violencia machista): 686 060 153

Atentamente.

A alcaldesa.

Leticia Santos Paz

**(Documento asinado dixitalmente á marxe)**

**Concello de Moaña**

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: ALHD569Z2XN1XKEADATE4ZQDQK | Corrección: <https://concello.demoaña.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1